

Asociacións Culturais

CORAL POLIFONICA DE BETANZOS

Actividade cultural:

MARZO

Día 3: Concerto de flauta polo cuarteto "Telemann", na Aula de Cultura de Caixa Galicia, con motivo do XIX aniversario da Coral.

Día 20: Festa de primavera. Entrega de claves ás donas e actuación do grupo "Escola A Sementeira" de Cambre.

Día 24: Pregón de Semana Santa na igrexa de Santo Domingo a cargo do bispo de Mondoñedo-Ferrol, Excmo. e Rvmo. Don José Gea Escolano.

AGOSTO

Día 12: Concerto de verán na igrexa de Santiago de Betanzos a cargo da Coral de Montemor de Noia-Puebla e máis da Coral Polifónica de Betanzos, actuando conxuntamente ó remate.

SETEMBRO

Día 11: Xira ós Caneiros en honra dos socios protectores.

NOVEMBRO

Día 18: Inauguración dunha mostra de car-boncillos de Manuel Muñoz Vidal na Sala do Banco de Bilbao, dentro dos actos do Festival Santa Cecilia.

Día 19: Concerto do grupo "Música Doméstica" na igrexa de Santo Domingo, dentro do Festival Santa Cecilia.

Día 26: Recital de "jóvenes intérpretes de La Coruña y Narón" na igrexa de Santiago, dentro do Festival Santa Cecilia.

Día 30: Clausura do Festival Santa Cecilia e entrega de premios ós gañadores do "XV Concurso Literario Juvenil". Foron os gañadores: de 15 a 18 anos, 1º Olga Suárez Fernández, 2º Maika Dapena Varela; de menores de 14, 1º Jesús Pérez Sañudo, 2º Diego Cancela Rivas. Proxectouse a película "Los piratas".

ACTUACIONES

FEBREIRO

Día 2: Concerto no Pazo de Mariñán en honra dos asistentes ó "Seminario de Fe Pública" (Deputación).

MARZO

Día 6: Actuación nunha Misa en Cordeiro con motivo do falecemento da nai de Don Manuel López Castro.

Día 11: "Misa de Pedro de Bilbao" na igrexa de Santiago de Betanzos con motivo do falecemento de Don Román Bretal Sieira, cura párroco da mesma.

Día 12: Misa na igrexa de Santo Domingo de Betanzos pola nai de Don Manuel López Castro.

Día 24: Concerto Sacro na igrexa de Santo Domingo de Betanzos.

Día 29: Concerto no Teatro Alfonsetti con motivo do primeiro torneo interautonómico de fútbol base "Ciudad de Betanzos".

MAIO

Día 15: "Misa de Pedro de Bilbao" na igrexa de Centroña.

Día 20: Concerto en Perlío.

XULLO

Día 19: Concerto en Perlío con motivo da "Semana Cultural" organizada polo Concello con subvención da Deputación.

Día 23: Concerto na igrexa de San Francisco de Betanzos con motivo da mostra das "Balconadas" e dentro da "Semana Cultural" organizada polo Concello e subvencionada pola Deputación.

AGOSTO

Día 12: Concerto de verán na igrexa de Santiago de Betanzos.

Día 15: Misa Xubilar na igrexa de Santa María de Betanzos.

Día 16: "Misa de Pedro de Bilbao" na Función do Voto dentro da igrexa de Santo Domingo.

SETEMBRO

Día 10: Concerto en Ponteceso, subvencionado pola Deputación.

Día 18: "Misa de Pedro de Bilbao" na igrexa de Cordeiro.

OUTUBRO

Día 29: Concerto na Fábrica de punto Viriato de Ordenes.

NOVEMBRO

Día 22: "Misa de Pedro de Bilbao" na igrexa de Santo Domingo dentro do Festival

Santa Cecilia.

DECEMBRO

Día 3: Actuación na igrexa de San Francisco de Betanzos con motivo da entrega das medallas de ouro, por parte da Agrupación de pulso e púa "Carlos Seijo", á Condessa de Fenosa, Presidente da Deputación da Coruña e Alcalde de Betanzos.

Día 24: Misa de Nadal na igrexa de Santiago de Betanzos. Villancicos.

Día 31: Actuación e entrega de golosinas na Residencia de Anciáns de Betanzos. Música galega e villancicos. Misa xubilar no convento das "Madres Agustinas Recoletas" de Betanzos.

AGRUPACION MUSICAL "CARLOS SEIJO"

Esta Agrupación Musical que desde o seu comenzo ven presidindo o Doctor Don Juan Suárez Barros, celebrou neste ano de 1988 o Xº Aniversario da súa fundación. Por este motivo no mes de decembro desenrolou unha serie de actos conmemorativos, que se recollen máis abaixo

A Agrupación Musical "Carlos Seijo", desenrola a súa laboura cultural, enfocada sempre cara á música, diariamente e de luns a venres en horas de 8 a 9 do serán, durante todo o ano, menos o mes de agosto no que hai vacacións.

Ademais do aprendizaxe de solfeo, ensínase a tocar instrumentos de pulso e púa, de maneira totalmente desinteresada.

Entre as súas actuacións cara ó público neste ano de 1988 cabe suliñar as seguintes:

MAIO

Día 15: Concerto na vila de Ordenes dentro dos actos programados con motivo do "Día das Letras Galegas".

Día 29: Actuación no Concello de Monfero con motivo dos actos programados dentro da "Festa da Natureza".

XULLO

Día 25: Concerto na vila mariñeira de Cariño dentro do programa de divulgación cultural desenrolado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña.

AGOSTO

Día 5: Actuación na igrexa parroquial de San Salvador de Bergondo con motivo das festas patronais en honra de San Salvador.

Día 10: Concerto na igrexa conventual de San Francisco de Betanzos, organizado polo Excmo. Concello de Betanzos e patrocinado pola Excm. Deputación.

DECEMBRO

Día 3: Conmemorouse o Xº Aniversario da Fundación desta Agrupación e, con tal motivo, desenrolouse un acto na igrexa de San Francisco, no que foron nomeados Socios de Honor e se lles impuxo a Insignia de Ouro da Agrupación Musical "Carlos Seijo", á Excm. Señora Dona Carmela Arias y Díaz de Rábago, Condessa de Fenosa; ó Ilmo. Sr. Don José Manuel Romay Beccaría, Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e ó Ilmo. Sr. Don Manuel Lagares Pérez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Betanzos.



A Excm. Sra. Dona Carmela Arias y Díaz de Rábago, Condesa de Fenosa; O Ilmo. Sr. Don José Manuel Romay Beccaría, Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e o Ilmo. Sr. Don Manuel Lagares Pérez, Alcalde de Betanzos, ós que lle foi imposta a Insignia de Ouro da Agrupación Musical "Carlos Seijo". Xunta deles, os integrantes da Agrupación e os da Coral Polifónica de Betanzos, que interviron no acto do X Aniversario da Agrupación Musical "Carlos Seijo" o 3 de decembro de 1988 na igrexa de San Francisco de Betanzos.

Así mesmo, foron nomeados Socios de Mérito e fóronlles impostas insignias de prata, a todos aqueles integrantes que permaneceron na Agrupación ó longo de toda esta primeira década de existencia. Tamén a tódolos directores que durante o dito período tivo, sendo recollida a de Don Francisco Carlos Seijo pola súa viuda.

Celebrouse unha Misa polo eterno descanso do Excmo. Sr. Don Pedro Barrié de la Maza, benefactor da Agrupación a través da fundación que leva o seu nome, e polos socios falecidos. Foi cantada pola Coral Polifónica de Betanzos, entidade que tamén colaborou nesta grata xornada cultural, interpretando un breve concerto, de igual maneira que a Agrupación "Carlos Seijo", rematando nunha actuación conxunta que puxo broche de ouro a estes actos. Desde o Anuario Brigantino felicitamos á Agrupación Musical "Carlos Seijo" pola súa brillante traxectoria ó longo destes 10 anos e desexámoslle moitas décadas máis de existencia para ben da Arte e da Cultura de Betanzos e de Galicia.

Día 24: Dentro dos actos programados polo Excmo. Concello de Betanzos con motivo das festas do Nadal e Aninovo, concertos na Residencia García Irmáns en honra dos nosos maiores, e no Santuario dos Remedios durante a Misa do Galo.

Día 30: Concerto na Aula de Cultura de Caixa Galicia, dentro dos actos programados polo Club de Xubilados desta entidade.

ASOCIACION DE "AMAS DE CASA Y DEL CONSUMO FAMILIAR"

XANEIRO

Tódolos mércores de 5 a 7 da tarde, cursos de policromado, madeira, pintura en tea, etc. impartido por Dona Carmen Fariñas.

Día 21: ás 8 da tarde, curso de cociña a cargo de Dona Esther Prado.

FEBREIRO

Día 2: Visita á T.V.G.

Día 11: Curso de cociña, impartido por Dona Esther Prado.

Día 22: Visita ó Museo de Bellas Artes da Coruña. Para conmemorar o XX Aniversario da fundación da asociación celebrouse unha comida de confraternidade no Hotel Finisterre.

MARZO

Día 1: Visita ó Concello da Coruña con recepción por parte do Sr. Alcalde.

Tódolos mércores houbo cursos de policromado, madeira, pintura en tea e estaño a cargo de Dona M^a del Carmen Fariñas.

Día 17: Curso de cociña a cargo de Dona Esther Prado.

Día 24: Conferencia da abogada Dona Mercedes Suárez.

ABRIL

Tódolos mércores, cursos de policromado, madeira e estaño. Desde o día 13 curso de pintura sobre tea a cargo de Dona "Mary Carmen" Fariñas.

Tódolos luns e xoves de 6 a 8 da tarde curso de corte e confección a cargo de Dona Digna Rodríguez.

Día 12: Conferencia a cargo de Dona María del Carmen Faraldo Botana sobre "Alimentación y Sanidad"

Día 19: Visita á factoría de Butano da Coruña con excursións a Malpica e Caión.

Día 21: Curso de cociña a cargo de Dona Esther Prado.

Día 28: "Día Provincial del Ama de Casa" en Ortigueira

MAIO

Día 19: Visita a "La Voz de Galicia" e a

"Caixa Galicia"

Día 12: Curso de cociña por Dona Esther Prado.

Día 20: Con motivo do Día das Letras Galegas entregáronse na Aula de Cultura de Caixa Galicia os premios do concurso de contos infantís, previamente organizado. As 8 do serán, conferencia do Dr. Don Sixto Seco sobre Otero Pedrayo.

Día 27: Excursión a Portugal.

Tódolos mércores seguiu o curso de pintura en tea e tódolos luns e xoves o de corte e confección.

Neste mes inaugurouse na Sala do Banco de Bilbao unha mostra cos traballos feitos pola asociación ó longo do curso. Asistiu o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e a Delegada de Benestar Social, D^a M^a Asunción Sánchez Vázquez.

XUÑO

Día 11: Para celebrar o fin de curso fíxose unha romería a Espenuca.

OUTUBRO

Tódolos martes e xoves de 6 a 8 da tarde, curso de corte e confección a cargo de Dona Digna Rodríguez.

Tódolos mércores de 5 a 7 da tarde, curso de pintura en tea por Dona María del Carmen Fariñas.

Día 4 : Excursión a San Andrés de Teixido.

Día 17: asistencia ó "Día Provincial del Ama de Casa" en Ferrol.

Día 20: Curso de cociña de Dona Esther Prado.

Día 27: Conferencia de Dona Rosa Otero sobre "La droga en la familia"

Día 19: Asamblea xeral anual.

NOVEMBRO

Tódolos martes e xoves, curso de corte e confección, dirixido por Dona Digna Rodríguez. Os mércores, curso de pintura en tea a cargo de Dona María del Carmen Fariñas.

Día 3: Asamblea xeral

Día 4: Misa en Santo Domingo polas asociadas falecidas.

Día 9: Visita á fábrica de Tafisa.
Día 15: Visita ó hipermercado Contiente.
Día 17: Conferencia a cargo de Dona Charo Castell sobre Rosalía de Castro.
Día 24: Demostración de cociña a cargo de Dona Esther Prado.
DECEMBRO
Sigue o curso de corte e confección os

martes e xoves.
Día 6: Conferencia a cargo de Dona María Luisa Couceiro sobre "Nutrición y Consumo".
Día 20: Concurso de villancicos no que participaron nenos e nenas dos colexios de Betanzos. As 8 da tarde, conferencia de Don Manuel Espiña sobre "La Navidad".
Día 22: Demostración de cociña do Nadal a cargo de Dona Esther Prado.

GRAFICA 88

Uns 20 alumnos participaron no curso-taller de estampación en teas que, do mesmo xeito que "Gráfica 88", empezou o 11 de xullo, organizados pola Universidade Menéndez Pelayo en colaboración co Concello de Betanzos.

O taller de estampación celebrouse ata o 22 de xullo no edificio Arquivo. Alí pódose coñecer a antiga técnica de estampación "Batic", orixinaria de Indonesia e que permanece viva aínda en países como China, India e Xapón, así como nalgúns lugares de África. Este sistema servía para imprimir motivos nas roupas de familias aristocráticas do sudeste de Asia e foi introducido en Europa no s. XVII a través de Francia. O director do curso foi o canario Víctor Avila.

En canto ó curso de Gráfica 88 rematará o 30 de xullo, tamén no edificio Arquivo. Foi dirixido polo artista brigantino Jesús Núñez, director da galería de Arte "Brita Prinz" de Madrid. 60 alumnos de diversas comunidades autónomas, unha artista brasileira e 3 alemáns estiveron en Betanzos para perfeccionar as técnicas de grabado calcográfico, litografía, serigrafía e xilografía. Cabe destacar a importancia que para estes cursos ven tendo "Talleres Mendo", constructor das máquinas que se utilizan.

GRUPO UNTIA SEMINARIO DE ESTUDIOS MARIÑANS

A publicación do nº 3 do boletín UNTIA aparece como un dos feitos máis salientables deste grupo no ano 1988. Foi presentado na Aula de Cultura de Caixa Galicia o día 11 de novembro e nel faise enumeración detallada doutras actividades.

SOCIEDADE RECREATIVA, CULTURAL E DEPORTIVA DE BETANZOS

Constituíuse o día 7 de outubro de 1988 en asemblea celebrada na Aula de Cultura de Caixa Galicia. Na mesma aprobáronse os estatutos da sociedade. Con posterioridade foi nomeada a xunta directiva (o 25 de novembro), sendo presidente, Don Andrés Gómez Dopico; vicepresidente, Don Jesús Espiñeira Illobre; secretario, Don Antonio Gómez-Iglesias Casal; vicesecretaria, Dona Rosa Lauda Brandariz; tesoureiro, Don Maximino Rey Otero; vicetesoureiro, Don Enrique Alonso Sanmartín; vocais, Don José Luis Abarrategui Arias, Don Manuel Lugilde Díaz, Don Cándido Curiel Fernández, Don Emiliano Teijo Domínguez e Don Francisco Martínez García.



CLUB DE XUBILADOS DE CAIXA GALICIA

O longo de 1988 este animoso Club de Xubilados realizou diversas actividades como son: cursos de yoga, proxeccións de cine, conferencias, programas-concurso, cursos de manualidades, campeonatos de xogos de mesa; excursións a Fisterra, Vigo e illas Cíes, Monforte e Portomarín, Riveira e Noia; comida-baile do Nadal, etc. Gran importancia a tódolos niveis está tendo a creación do Coro do Club de Xubilados de Betanzos ó que lle desexamos moitos éxitos.

COMISION DE ARTE E CULTURA POPULAR "INZAR"

Durante as festas patronais, entre o 14 e o 25 de agosto, este colectivo de artistas locais realizou a súa terceira mostra "Cara á rúa". Un total de 65 obras de talla, debuxos e pintura constituiron a magnífica mostra. Utilizáronse as galerías "Deive" e os artistas participantes foron: Lito Muñoz Vidal, Vicente García Blanco, Marina Manso Roca, Josefa Mera, Ricardo García Gondell, Pablo Graña, Angel Luis e Antonio García Miramontes, Ana García Seoane, Manuel Rosende Alvarez, José Carro Rodríguez, José Seijo e José Germade.

O Deporte como fenómeno cultural

MIGUEL SANCHEZ ORTIZ*

Etal a penetración do "fenómeno deportivo" na nosa sociedade que é necesario defini-los campos de aplicación e os enfoques que se dan á práctica deportiva. Esta clarificación permítenos encadrar unha parte da filosofía deportiva que quere impregnar o Servizo Municipal de Deportes do Concello Brigantino.

Creemos que a actividade física debe ser un ben do que calquer cidadán ten dereito a disfrutar. Para que iso sexa posible, o Concello ten que poñer os medios necesarios. Desde logo

* Miguel Sánchez es licenciado por el Instituto Nacional de Educación Física y director del Polideportivo Municipal de Betanzos.